

**IV CONGRESO DA FAGE  
26 ó 28 DE SETEMBRO 2002**

**Facultade de Filoloxía  
Avda. de Castelao, s/n  
Santiago de Compostela**

**SEGUNDA CIRCULAR (marzo 2002)**

Estimados/as compañeiros/as,

Con esta segunda circular queremos informaros sobre as novidades que foron xurdindo na preparación do congreso FAGE2002 de setembro e aproveitar a ocasión para invitarvos a participar nel.

**PROGRAMA:**

Como xa informáramos, o congreso dividirase en catro seccións, cada unha delas cun tema. Para cada ámbito invitamos a un/ha especialista de relevancia internacional co fin de que impartan unha conferencia sobre o tema da súa sección.

**Literatura**

Tema: *Literatura e interconexión cultural.*

Conferencia plenaria: Prof. Dr. Inge Stephan (Universidade Humboldt.Berlin),  
*Gender-Studien in interkultureller Perspektive – Eine Herausforderung für die Literaturwissenschaft*

**Lingüística**

Tema: **Gramáticas en comparación**

Conferencia Plenaria: **Prof. Dr. Peter Eisenberg (Universidade Potsdam)**

(Título pendente de confirmación)

**Traducción**

Tema: *A traducción como transferencia cultural*

Conferencia plenaria: **Prof. Dr. Christiane Nord (Fachhochschule Magdeburg),**

*Übersetzen – Spagat zwischen den Kulturen?*

**Didáctica do Alemán**

Tema: *O ensino do alemán en España: Tradicións de aprendizaxe e novos métodos de ensino*

(conferenciante pendente de confirmación)

Ó longo do congreso celebraranse tamén dúas **Mesas Redondas**, para as que temos invitado expertos/as nacionais e estranxeiros:

### ***1. Portfolio e o marco europeo das linguas***

Expertos de distintos países europeos informarán sobre as vantaxes e desvantaxes da aplicación de este novo proxecto europeo.

Ata estes intres confirmaron a súa asistencia:

\***Sra. Perlmann** (Experta en exames do novo Marco Europeo das Linguas: Portfolio)

\***Sra. Glòria Fischer** (Delegada do Ministerio portugués de Educación)

\***Sr. Harmut Retzlaff**. (Goethe-Institut Nápoles)

### ***2. O ensino do alemán na Península Ibérica: Pasado, presente e futuro.***

Colegas de España e Portugal espoñerán as súas experiencias e a problemática do ensino e fomento do alemán en ámbolos países.

Ata estes intres confirmaron a súa asistencia:

\***Prof. Dr. Peter Greenfield** (Universidade de Porto e presidente da APEG- Associação Portuguesa de Estudos Germanísticos).

\***Prof. Antonia Laranjo** (Presidenta da Asociación Portuguesa de Profesores de Alemán APPA).

\***Prof. Dr. Carlos Buján** (Xefe do Depto. de Filoloxía Alemana da Universidade de Santiago).

Non podemos deixar de lembrarnos que este ano o país **Invitado de Honor** será **Portugal**, situación que aproveitaremos para establecer o maior vínculo posible de intercambios e estratexias comúns cara o futuro e en tódolos campos.

### **PROGRAMA PARALELO:**

Aproveitando o tema da sección DaF estamos a preparar, en colaboración co profesor Bernd Marizzi (UCM), unha **exposición** de libros sobre os **manuais do ensino do alemán en España** dende os seus comezos (máis información, mAGAzin 12/2001). Ademais delo, podremos coñecer as últimas novidades editoriais do mercado que tamén estarán presentes neste congreso FAGE 2002. Asistiredes ó **espectáculo musical LILY** Berlín, no que escoitaredes unha serie de cancións procedentes de textos de autores como Weill/Brecht. A todo isto temos que engadir **visitas guiadas** pola cidade, a **excursión as Rías Baixas** e **programas alternativos** para coñecer Santiago pola noite, sen esquecernos da **cea do congreso** cun toque marcadamente galego.

### **PONENCIAS e POSTERS.**

As linguas oficiais do congreso son Alemán, Español e Galego.

As Ponencias poderán ter una duración máxima de **20Min. +10Min de discusión.**

Os Póster deben ter un formato máx. de **DinA2.**

Os Abstracts (aprox. 200 palabras) teredes que remitilos antes do **31 de Maio 2002** á Secretaría del Congreso.

### **CÓMO INSCRIBIRSE:**

Para inscribirse no congreso tedes que cubrir-lo formulario adxunto (<http://www.fage.es/congreso/galego/formulario.pdf>) e remitirnos, ó

endereço postal da Secretaría do congreso, o xustificante bancario do pago das taxas correspondentes.

O número de conta bancaria é o seguinte:

CAIXA GALICIA (OP. Santiago de Compostela)

Transferencias nacionais: CCC: **2091-0300-42-3040138240**

Transferencias internacionais: IBAN: **ES62-2091-0300-4230-4013-8240**

**Contraseña: IV Congreso de la FAGE Compostela2002.**

Tan pronto como teñamos recibido ámbolos documentos porémonos en contacto convosco para confirmar-la inscrición.

As tarifas do congreso son as seguintes:

**COTAS DE INSCRICIÓN NO  
IV CONGRESO DA FAGE  
COMPOSTELA 2002**

	Abstract antes do 1.abril 2002*	Abstract antes do 31 de Maio 2002*	Antes do 30 de Xuño 2002	Antes do 20 Setembro 2002
<b>Poñente/Póster membro</b> de Asociación federada**	<b>26 €</b>	<b>36 €</b>		
<b>Poñente/Póster NON membro</b> de Asociación federada.	<b>62 €</b>	<b>72 €</b>		
<b>Estudiante/Parado membro</b> de Asociación federada			<b>18 €</b>	<b>24 €</b>
<b>Estudiante/Parado NON membro</b> de Asociación federada			<b>30 €</b>	<b>36 €</b>
<b>Asistente membro</b> de Asociación federada			<b>36 €</b>	<b>48 €</b>
<b>Asistente NON membro</b> de Asociación federada			<b>72 €</b>	<b>84 €</b>

\*A aboar ó face-la la inscrición para o Congreso.

\*\***Las Asociacions federadas na FAGE** (<http://www.fage.es/asocia>) son as seguintes:

Asociación Aragonesa de Germanistas e Profesores de Alemán, **AAGPA**

Asociación Canaria de Germanistas, **ACG**

Asociación de Germanistas de Andalucía, **AGA**

Associació de Germanistes de Catalunya, **AGC**

Associació de Germanistes de la Comunitat Valenciana, **AGCV**  
Asociación Galega de Xermanistas, **AGX**  
Asociación Madrileña de Germanistas, **AMG**  
Germanistas de Euskadi, Rioja e Navarra, **GERN**

Ós socios da Asociación Portuguesa de Germanistas (APGE) e da Asociación Portuguesa de Profesores de Alemán (APPA) aplicaráselle as mesmas tarifas que ós membros de asociacións da FAGE.

### **COMO CHEGAR e ONDE ALOXARSE:**

Por tratarse da capital de Galicia, Santiago de Compostela ofrece diversas posibilidades para achegarse a ela: aeroporto internacional, estación de camiños de ferro e estación de autobuses.

**AVIÓN:** o Aeroporto de Labacolla (10 Km da cidade) opera con compañías nacionais e internacionais e atópase conectado co centro por medio de autobús e taxi. Máis información en: [www.aena.es](http://www.aena.es)

**TREN:** Con destinos nacionais e internacionais. Situado a 10 minutos a pe dende o centro da cidade. Máis información en: [www.renfe.es](http://www.renfe.es)

**AUTOBÚS:** A estación de autobuses atópase tamén a 15 minutos do centro.

Xa que Santiago de Compostela é un destino turístico moi escollido por persoas de moi diversos lugares, recomendamos que fagades unha **reserva de aloxamento o antes posible** para poder conseguir prezos asequibles.

No ***link "Aloxamento"*** poderedes consultar un listado de hoteis cos que tramitamos descontos para os asistentes ó congreso.

De tódalas formas dispoñedes de ampla información turística e hoteleira nos seguintes enderezos:

[www.turgalicia.es](http://www.turgalicia.es)  
[www.compostela.org](http://www.compostela.org)  
[www.galinor.es/galicia.html](http://www.galinor.es/galicia.html)

Lembramosvos que Santiago é unha cidade pequena onde non hai distancias. Calquera aloxamento que estea situado no centro permite desprazarse camiñando a toda a cidade. A sede do congreso está emprazada no Campus Norte da USC (Facultade de Filoloxía), que dista da zona monumental a aprox. 10-15 min. a pe.

Se nos facilitades o voso correo electrónico na Inscripción adxunta, teredes información puntual de tódalas novidades que vaian xurdindo. Do contrario recomendamos que visitedes a nosa páxina web para mantervos informados do evento

¡Deica setembro!